

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/04/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

DIEGO GARCIA SANTIAGO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15/04/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08 de abril de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/1198

Dáse conta de solitude presentada por Ramiro Andrés IGLESIAS SANTIAGO con DNI no 35464439A, en data 17/02/2024 e con no de rexistro WEB2024001095; en calidade de Presidente da asociación de Vecinos San Miguel, onde solicita o reforzamento da sinalización na intersección de rúa Antuín con rúa Pomar no lugar de Trabanca Badiña debido o elevado número de accidentes que se producen e a velocidade elevada a que circulan os vehículos.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada unha inspección ocular do lugar indícase que para solventar esta problemática pódense adoptar a criterio desta Policía Local as seguintes medidas:

1. Repintar as sinais horizontais de Stop ubicadas en rúa Antuín.
2. Realizar dous pasos elevados na rúa Antuín como vía non principal, para obrigar a reducir a velocidade os vehículos que accedan a rúa 8 de Marzo e rúa Pomar.
3. Proceder de ser posible a elevación do paso de peóns sito na rúa 8 de Marzo.

A ubicación do colector do lixo non afecta a visibilidade xa que a rúa Antuín non é prioritaria.

A elevación do paso de peóns en rúa 1º de Maio podría xerar un risco para a circulación xa que se atopa nunha curva.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda dar a súa conformidade ao informe da Policía Local e que se proceda a:

1. Repintar as sinais horizontais de Stop ubicadas en rúa Antuín.
2. Realizar dous pasos elevados na rúa Antuín como vía non principal, para obrigar a reducir a velocidade os vehículos que accedan a rúa 8 de Marzo e rúa Pomar.
3. Proceder de ser posible a elevación do paso de peóns sito na rúa 8 de Marzo.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras (Alvaro), Policía Local e incluír os pasos elevados no Plan Municipal de Redutores de velocidade.

PRP2024/1199

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL (B94128675), para reparación de filtracións de auga nos despachos e aulas do CEIP Arealonga, por un importe total de 3.872,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 320.212, que comprende o subministro de material e man de obra para as seguintes obras:

- Reparación das limas da cuberta
- Reparación e limpeza dos canlóns dos patios interiores
- Subministro e aplicación de pintura nos voladizos de forxado dos patios interiores con pintura de clorocaucho fibrado.
- Montaxe e desmontaxe de andamios CE no patio interior para a correcta execución dos traballos.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1272

Dáse conta do escrito presentado por Don Dario Fole Rodríguez, adxudicatario do Kiosco do Parque Compostela, solicitando autorización para celebración de actuacións musicais en directo os xoves, venres, sabados e domingos dos meses de xuño, xullo e agosto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- As actuacións musicais deberán rematar ás 00 horas.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2024/1273

Dáse conta do escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia (unha mesa informativa con carpa de 4x4 e catro cadeiras) o día 13 de abril de 2024, en horario de 10:30 a 13:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1281

Dáse conta do escrito presentado por Partido Socialista de Galicia -PSdeG-PSOE, solicitando autorización para, con motivo do 93 aniversario da instauración da II República, realizar un acto o día 14 de abril de 2024, en horario de 12:00 a 14:00 horas, no que se fará unha ofrenda floral ante o monumento das "Rosas Rotas" no Parque Miguel Hernández.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1333

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Francisco Nine González, solicitando autorización para realización dunha actuación musical en directo, para o Teleclub Zamar, situado no local social da AA.VV. A Revolta de Zamar, o día 19 de abril, en horario de 22:00 a 02:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización en horario de 22:00 a 00 horas, debendo obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

PRP2024/1334

Vista a proposta Encargado de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para os distintos Servizos do Concello durante un ano, por un importe de 3.630,00 €/ano (50 botellas/mes) con cargo á partida 221.16201

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1335

Dáse conta de acordo de Portos de Galicia de autorización de inicio de trámite de concesión do dominio público portuario e tramitación de oficio de autorización de ocupación do dominio público portuario "Transitoria", con vixencia ata a resolución da concesión (Nave almacén de embarcacións titularidade de Portos de Galicia para o desenvolvemento da actividade de adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións en Vilaxoán).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1336

Dáse conta de Resolución de Portos de Galicia de autorización de ocupación do dominio público portuario "Transitoria", mentres se tramita a concesión solicitada (Nave almacén de embarcacións titularidade de Portos de Galicia para o desenvolvemento da actividade de adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións en Vilaxoán).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1337

Dáse conta da acta de reunión o día 14 de marzo de 2024, celebrada entre o Concelleiro de Servizos e Medio Rural, os Mestres Composteiros e representantes da empresa concesionaria do servizo limpeza e recollida de residuos urbanos, Urbaser, SAU. para tratar diversas cuestións en relación á implantación e funcionamento do servizo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1342

Dáse conta do escrito presentado por Dona María del Rocio Louzán Blanco, como presidenta do Centro Comercial Aberto Vilagarcía Zona Aberta, solicitando autorización para realización dunha actividade de dinamización hostalería na zona do Castro, Feira de Abril, cunha actuación dun

grupo musical a fin de semana do venres 19 ou sabado 20 de abril (en caso de choiva se aprazaría para o vindeiro fin de semana) en horario de 21:30 a 00:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá axustarse ao horario de 21:00 a 00 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1325

Dáse conta do escrito presentado por Nautilus Y. A. Espj, solicitando autorización para realizar unha actuación con DJ no exterior do seu local, Bar Nautilus, en Rúa Camilo José Cela nº 6, baixo, o día 13 de abril de 2024, en horario de 19.00 a 23.00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1393

Dáse conta de Informe-Proposta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación coa organización do XIII TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO ano 2024, cun orzamento total de 25.358,92 €, con cargo ao orzamento da FPSDM.

A inscrición no Triatlón para os equipos de categoría escolar sería gratuíta. Os equipos senior, tanto da proba open como Campionato Galego Absoluto terían unha cota de inscrición de 80,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o prezo público de cota de inscrición indicada para equipos senior, de 80,00 €/equipo.

PRP2024/1419

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CLECE SA para a prestación dun servizo especial de limpeza das estanterías, aluminios e cristais das novas instalacións da Biblioteca Municipal, en Rúa Castelao nº 7, por un importe total de 934,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/1339

Dáse conta de publicación no DOG nº 66 do 4 de abril de 2024 da resolución das axudas aos concellos, para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

As cantidades concedidas son as seguintes:

- Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico: 2.479,33€.

- Programa B: Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas: 4.228,32€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1340

Vista a proposta do Director da Escola municipal de Música "Bernardo del Río", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para 5 autobuses , 4 de 55/59 prazas e 1 de 24 prazas o desprazamento e regreso ao Auditorio Municipal dos asistentes ao Concerto Didáctico "Clásicos divertidos", dende os seguintes centros educativos (CEIP Vilaxoán (1), CEIP Piñeiriño (1), CEIP Rubiáns (1), CEIP Carril (1), por un importe total de 870,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262-22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1279

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para autorizar a saída cultural dos alumnos do conservatorio á cidade de Vigo:

Que ten recibido proposta da profesora de guitarra deste centro, M^a Begoña González Larriba, a cal se achega a este informe, sobre a organización dunha Saída cultural á cidade de Vigo prevista na Programación Xeral deste centro para o curso 2023-2024.

A saída realizarase na tarde do día 16 de maio de 2024 , entre as 16.00h e as 22.30h., realizando unha visita guiada polas exposicións do Museo MARCO e asistindo posteriormente ao concerto que a guitarrista ISABEL REI SANMARTÍN ofrecerá no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

O desprazamento ata Vigo e regreso do alumnado participante realizarase en tren, cun custo aproximado de 15 € que satisfará cada un dos alumnos participantes. O resto das actividades son de balde.

A profesora Begoña González Larriba estará en todo momento presente durante o desenvolvemento de dita actividade.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a saída Cultural a Vigo organizada pola profesora de guitarra deste centro, Dna. M^a Begoña González Larriba e que terá lugar o vindeiro xoves 16 de maio de 2024 segundo o exposto anteriormente neste informe.

PRP2024/1288

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar o acordo de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a empresa Cocina Gallega Contemporánea para a VII

Edición do Festival Internacional de música ClasClas.

Primeiro.- Que o proxecto do VII Festival Internacional de Música clasclás, organizado polo Conservatorio Profesional de Música deste Concello, contempla estender esta colaboración a outras empresas e/ou organismos co obxectivo de contribuír a sufragar parte dos gastos do festival.

Segundo.- Que a empresa Cocina Gallega Contemporánea S.L. con CIF B94129095 presta servizos de restauración no Pazo da Gopelleira desde hai xa varios anos. O Concello de Vilagarcía de Arousa e a dita empresa xa teñen realizado eventos no Pazo da Gopelleira en anteriores edicións do Festival clasclás con grande éxito de público esgotándose todas as entradas nas seis ocasións nas que celebramos eventos neste enclave.

Terceiro.- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten aprobado na XGL 08/04/2024 a proposta de establecemento de prezos públicos para a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás estipulado en 5,00 € por entrada. Este prezo será tamén de aplicación, por vez primeira, ao Concerto que está previsto se celebre no pazo da Gopelleira o martes 25/06/2024 a cargo de Adolfo Gutiérrez Arenas, violonchelo e Malcolm Martineau, ao piano.

Cuarto.- Que compre realizar un ACORDO DE COLABORACIÓN que preste cobertura a todas as actuacións que se levan a cabo para a celebración do concerto previsto, o cal se achega a este informe en documento adxunto, e co obxectivo de que o Concello de Vilagarcía de Arousa cobre o prezo público establecido (5,00 € por entrada) e a empresa Cocina Galega Contemporánea cobre o prezo que ven determinado no seu orzamento para esta VII edición (26,00 € por entrada).

Quinto.- O total de localidades previstas na Sala ascende a 300, das que 250 se porán á venda a través da plataforma Ataquilla.com , en función do contrato que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten suscrito con Afundación.

O Concello de Vilagarcía percibirá, no suposto de vender todas as localidades, uns ingresos de 1.250,00 € (250 x 5,00 €).

A empresa Cocina Gallega Contemporánea S.L. percibirá, no suposto de vender todas as localidades, uns ingresos de 6.500,00 € (250 x 26,00 € IVE engadido).

Por conseguinte, o público asistente a esta velada aboará por cada entrada un total de 31,00 € + os gastos de xestión estipulados segundo o contrato que Ataquilla ten suscrito co Concello de Vilagarcía de Arousa.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda

Autorizar, a sinatura do ACORDO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a empresa Cocina Gallega Contemporánea S.L. con CIF B94129095 para a celebración dun Concerto da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 previsto para o vindeiro 25/06/2024 a cargo do violonchelista Adolfo Gutiérrez Arenas e o pianista Malcolm Martineau.

PRP2024/1289

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar os contratos artísticos e cachés da VII Edición do Festival Internaciona de Música ClasClas2024:

Primeiro.- Que con data de 12/02/2024 a XGL aprobou a proposta de organización da VII Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024. Posteriormente, e na sesión do 04/03/2024, a XGL adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan + Provincia 2024 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024.

Con data de 08/04/2024 a XGL aprobou

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-POS24-4 e polo importe total de

30.888,00 €, financiado con cargo á subvención do Plan + Provincia 2024 e RRPP.

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe total de 61.112,00 €, financiado con RRPP, a venda de entradas do festival e o Contrato de patrocinio subscrito con D. Ramiro Carregal.

Segundo.- Que compre proceder, de seguido, a aprobación dos contratos artísticos e gastos de cachés de dous participantes na VII edición do Festival que realizarán o concerto do 28/06/2024 e con cargo ao con Proxecto con código 2024-3-POS24-4 e que se indican baixo estas liñas. O resto dos contratos artísticos desta VII edición presentaranse en propostas diferenciadas co obxectivo de evitar notificacións conxuntas a diferentes interesados.

- D. Josef Spacek con ID de la República Checa nº 202296339
- D. Miroslav Sekera con Pasaporte de la República Checa nº 48576645

Eco.		IMPORTE	IVA 10 %	TOTAL	PROXECTO
2024 3261 22609	Actividades culturais e deportivas Cachés Artistas				
	Josef Spacek	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	2024-3-POS24-4
	Miroslav Sekera	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	2024-3-POS24-4

Na táboa anterior figura o IVE correspondente que, no caso de ámbolos dous artistas realizárase por inversión do suxeito pasivo, xa que o seu enderezo fiscal está no estranxeiro.

No expediente de Cívidas figura toda a documentación requerida e entregada polos artistas.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A aprobación, se procede, dos contratos do Programa Artístico da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que se indican baixo estas liñas e que figuran coma anexos a esta proposta. Os contratos serán asinados polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

- D. Josef Spacek con ID de la República Checa nº 202296339, que realizará o concerto do 28/06/2024
- D. Miroslav Sekera con Pasaporte de la República Checa nº 48576645, que realizará o concerto do 28/06/2024

Segundo.- A aprobación dos cachés dos seguintes Artistas participantes na VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que realizarán o concerto do 28/06/2024 segundo figura na táboa do apartado segundo deste informe e con cargo ao proxecto 2024-3-POS24-4

- D. Josef Spacek con ID de la República Checa nº 202296339, por un importe total de 3.300,00 €
- D. Miroslav Sekera con Pasaporte de la República Checa nº 48576645, por un importe total de 3.300,00 €

PRP2024/1290

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar os contratos artísticos e cachés da VII edición do Festival Internacional de Música ClasClas 2024:

Primeiro.- Que con data de 12/02/2024 a XGL aprobou a proposta de organización da VII Edición

do Festival Internacional de Música clasclás 2024. Posteriormente, e na sesión do 04/03/2024, a XGL adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan + Provincia 2024 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024.

Con data de 08/04/2024 a XGL aprobou

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-POS24-4 e polo importe total de 30.888,00 €, financiado con cargo á subvención do Plan + Provincia 2024 e RRPP.
- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe total de 61.112,00 €, financiado con RRPP, a venda de entradas do festival e o Contrato de patrocinio suscrito con D. Ramiro Carregal.

Segundo.- Que compre proceder, de seguido, a aprobación dos contratos artísticos e gastos de cachés de dous artistas participantes na VII edición do Festival que realizarán o concerto do martes 25/06/2024 no Pazo da Golpelleira, con cargo aos dous proxectos de financiación do Festival.

O resto dos contratos artísticos desta VII edición presentaranse en propostas diferenciadas co obxectivo de evitar notificacións conxuntas a diferentes interesados.

- Malcolm Martineau con Pasaporte do Reino Unido nº 123444165, e con cargo ao proxecto financiado con RRPP e con código 2024-3-CRRTE-5-1
- D. Adolfo Gutiérrez Arenas con DNI 50315145T, e con cargo ao proxecto con Código 2024-3-POS24-4.

Eco.		IMPORTE	IVA 10 %	TOTAL	PROXECTO
2024 3261 22609	Actividades culturais e deportivas Cachés Artistas				
	Malcolm Martineau	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	2024-3-CRRTE-5-1
	Adolfo Gutiérrez Arenas	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	2024-3-POS24-4

Na táboa anterior figura o IVE correspondente a ámbolos dous artistas que, no caso de Malcolm Martineau, realizarase por inversión do suxeito pasivo, xa que o seu enderezo fiscal está no estranxeiro.

No expediente de Cívidas figura toda a documentación requerida e entregada polos artistas.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta Goberno Local acorda:

Primeiro.-Aprobar os contratos do Programa Artístico da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que se indican baixo estas liñas e que figuran coma anexos a esta proposta. Os contratos serán asinados polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de ditas sinaturas á XGL.

- D. Malcolm Martineau, con Pasaporte do Reino Unido nº 123444165
- D. Adolfo Gutiérrez Arenas , con DNI 50315145T

Segundo.- A aprobación dos cachés dos seguintes Artistas participantes na VII edición do

Festival Internacional de Música clasclás 2024 que realizarán o concerto do 25/06/2024 no Pazo da Golpelleira segundo figura na táboa do apartado segundo deste informe e con cargo aos proxectos sinalados no mesmo.

- Malcolm Martineau, con Pasaporte do Reino Unido nº 123444165 polo importe total de 3.300,00 € con cargo ao Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1
- D. Adolfo Gutiérrez Arenas, con DNI 50315145T por un importe total de 3.300,00 € e con cargo ao Proxecto con código 2024-3-POS24-4

PRP2024/1291

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio de aprobación de contrato artístico e caché da VII Edición do Festival Internacional de Música ClasClas2024:

Primeiro.- Que con data de 12/02/2024 a XGL aprobou a proposta de organización da VII Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024. Posteriormente, e na sesión do 04/03/2024, a XGL adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan + Provincia 2024 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024.

Con data de 08/04/2024 a XGL aprobou

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-POS24-4 e polo importe total de 30.888,00 €, financiado con cargo á subvención do Plan + Provincia 2024 e RRPP.
- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe total de 61.112,00 €, financiado con RRPP, a venda de entradas do festival e o Contrato de patrocinio suscrito con D. Ramiro Carregal.

Segundo.- Que compre proceder, de seguido, a aprobación do contrato artístico e gasto de caché de varios artistas participantes na VII edición do Festival que realizarán os concertos do 24 e 26/06/2024 con cargo ao con Proxecto con código 2024-3-POS24-4 e que se indica baixo estas liñas.

O resto dos contratos artísticos desta VII edición presentaranse en propostas diferenciadas co obxectivo de evitar notificacións conxuntas a diferentes interesados.

- Dna. Elisabeth Leonskaja, con Pasaporte Austríaco nº U2411047, que realizará os concertos do 24/06/2024 e 26/06/2024.
- D. Dominik Wagner con Pasaporte Austríaco nº U4743039, que realizará unha colaboración no concerto do 26/06/2024.
- EAS MusikManagement S.L. con CIF B56263502, en representación do Cuarteto Kandinsky, que realizará o concerto do 26/06/2024

Eco.		IMPORTE	IVA 21 %	TOTAL	PROXECTO
2024 3261 22609	Actividades culturais e deportivas Cachés Artistas				
	Elisabeth Leonskaja	6.000,00 €	600,00 €	6.600,00 €	2024-3-POS24-4
	Dominik Wagner	1.200,00 €	120,00 €	1.320,00 €	2024-3-POS24-4
	EAS Musikmanagement S.L.	4.800,00 €	1.008,00 €	5.808,00 €	2024-3-POS24-4

Na táboa anterior figura o IVE correspondente que, no caso de Elisabeth Leonskaja e Dominik Wagner, realizárase por inversión do suxeito pasivo, xa que o seu enderezo fiscal está no estranxeiro.

No expediente de Cívidas figura toda a documentación requirida e entregada polos artistas.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A aprobación, dos contratos do Programa Artístico da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que se indican baixo estas liñas e que figuran coma anexos a esta proposta. Os contratos serán asinados polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

- Dña. Elisabeth Leonskaja, con Pasaporte Austríaco nº U2411047, que realizará os concertos do 24/06/2024 e 26/06/2024.
- D. Dominik Wagner con Pasaporte Austríaco nº U4743039, que realizará unha colaboración no concerto do 26/06/2024.
- EAS Musikmanagement S.L. con CIF B56263502, en representación do Cuarteto Kandinsky e que realizará o concerto do 26/06/2024.

Segundo.- A aprobación dos cachés dos seguintes Artistas participantes na VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 segundo figura na táboa do apartado segundo deste informe e con cargo ao proxecto sinalado no mesmo.

- Dña. Elisabeth Leonskaja, con Pasaporte Austríaco nº U2411047, que realizará os concertos do 24/06/2024 e 26/06/2024 por un importe total de 6.600,00 € e con cargo ao Proxecto con código 2024-3-POS24-4
- D. Dominik Wagner con Pasaporte Austríaco nº U4743039, que realizará unha colaboración no concerto do 26/06/2024 por un importe total de 1.320,00 € e con cargo ao Proxecto con código 2024-3-POS24-4
- EAS Musikmanagement S.L. con CIF B56263502, en representación do Cuarteto Kandinsky que realizará o concerto do 26/06/2024 polo importe total de 5.808,00 € e con cargo ao Proxecto con código 2024-3-POS24-4

PRP2024/1292

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio de Música para aprobación de contratos artísticos e cachés da VII edición do Festival Internacional de Música ClasClas 2024:

Primeiro.- Que con data de 12/02/2024 a XGL aprobou a proposta de organización do VII Festival Internacional de Música clasclás 2024. Posteriormente, e na sesión do 04/03/2024, a XGL adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan + Provincia 2024 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024.

Con data de 08/04/2024 a XGL aprobou

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-POS24-4 e polo importe total de 30.888,00 €, financiado con cargo á subvención do Plan + Provincia 2024 e RRPP.
- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe total de 61.112,00 €, financiado con RRPP, a venda de entradas do festival e o Contrato de patrocinio suscrito con D. Ramiro Carregal.

Segundo.- Que compre proceder, de seguido, a aprobación do contrato artístico e gasto de caché dunha das agrupacións participantes na VII edición do Festival que realizará o concerto do 27/06/2024 con cargo ao con Proxecto con código 2024-3-POS24-4 e que se indica baixo estas

liñas.

O resto dos contratos artísticos desta VII edición, con cargo ao Proxecto 2024-3-POS24-4 presentaranse en propostas diferenciadas co obxectivo de evitar notificacións conxuntas a diferentes interesados.

- Mendialdúa Music S.L. con CIF B19267855, en representación de Judith Jáuregui e o Cuarteto Gerhard

Eco.		IMPORTE	IVA 21 %	TOTAL	PROXECTO
2024 3261 22609	Actividades culturais e deportivas Cachés Artistas				
	Mendialdúa Music S.L.	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €	2024-3-POS24-4

No expediente de Cívidas figura toda a documentación requirida e entregada pola axencia.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A aprobación, do contrato do Programa Artístico da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que se indica baixo estas liñas e que figura coma anexo a esta proposta. O contrato será asinado polo Alcalde e interesado e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

- Mendialdúa Music S.L. con CIF B19267855, en representación de Judith Jáuregui e o Cuarteto Gerhard

Segundo.- A aprobación do caché do seguinte ensemble participante na VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 segundo figura na táboa do apartado segundo deste informe e con cargo ao proxecto sinalado no mesmo.

- Mendialdúa Music S.L. con CIF B19267855, en representación de Judith Jáuregui e o Cuarteto Gerhard polo importe total de 7.260,00 € e con cargo ao Proxecto con código 2024-3-POS24-4

PRP2024/1293

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio de Música de aprobación do contrato artístico e caché da VII do Festival Internacional de Música ClasClas 2024:

Primeiro.- Que con data de 12/02/2024 a XGL aprobou a proposta de organización da VII Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024. Posteriormente, e na sesión do 04/03/2024 a XGL adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan + Provincia 2024 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial, dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024.

Con data de 08/04/2024 a XGL aprobou

- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-POS24-4 e polo importe total de 30.888,00 €, financiado con cargo á subvención do Plan + Provincia 2024 e RRPP.
- O proxecto de orzamento de gastos con código 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe total de 61.112,00 €, financiado con RRPP, a venda de entradas do festival e o Contrato de patrocinio suscrito con D. Ramiro Carregal.

Segundo.- Que compe proceder, de seguido, a aprobación do contrato artístico e gasto de

caché dunha agrupación participante nesta edición da VII edición do Festival.

O resto dos contratos artísticos desta VII edición, con cargo ao Proxecto 2024-3-POS24-4 presentaranse en propostas diferenciadas co obxectivo de evitar notificacións conxuntas a diferentes interesados.

- Dna. Jaurne Gaminde Anchia con DNI 30668088A, en representación da Asociación Musical Vocalia, con CIF G01333871

Eco.		IMPORTE	IVA 10 %	TOTAL	PROXECTO
2024 3261 22609	Actividades culturais e deportivas Cachés Artistas				
	Asociación Cultural Vocalia	6.000,00 €	*Exenta	6.000,00 €	2024-3-CRRTE-5-1

A Asociación Musical Vocalia ten recoñecido polo Departamento de Hacienda, Finanzas y Presupuestos de la Diputación Foral de Álava, o carácter social necesario para a aplicación da exención do Imposto sobre o Valor Engadido recollida no artigo 20.Uno.14 da norma reguladora deste imposto desde o 03/12/2005.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A aprobación, do contrato do Programa Artístico da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 que se indica baixo estas liñas e que figura coma anexo a esta proposta. O contrato serán asinado polo Alcalde e representante e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

- Dna. Jaurne Gaminde Anchia con DNI 30668088A, en representación da Asociación Musical Vocalia, con CIF G01333871

Segundo.- A aprobación do caché da seguinte agrupación participante na VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 segundo figura na táboa do apartado segundo deste informe e con cargo ao proxecto sinalado na mesma.

- Dna. Jaurne Gaminde Anchia con DNI 30668088A, en representación da Asociación Musical Vocalia, con CIF G01333871 polo importe total de 6.000,00 € con cargo ao Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1.

PRP2024/1303

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio de aprobación de gasto para a distribución de entradas de balde dos eventos da VII edición do festival ClasClas 2024.

NECESIDADE A SATISFACER: para o Festival Internacional de Música clasclás, que este ano acada a súa VII edición, é preciso acudir a un sistema de distribución de entradas online - de balde e de pago - para os concertos desta edición, cinco deles con venda de entradas e dous de balde.

Tense contactado coa Fundación Galicia Obra Social,(Ataquilla) con enderezo en Cantón Grande, 8. 15003 A Coruña e CIF, G-70270293, que actualmente xestiona a venda de entradas dos eventos que teñen lugar en instalacións municipais co obxectivo de solicitar un orzamento para a distribución das entradas dos concertos que serán de balde.

- O concerto do programa clasclás matinée que terá lugar o venres 28 de xuño no Salón García
- O concerto de clausura que terá lugar o sábado 29 de xuño no Auditorio Municipal

O resto dos cinco eventos do festival serán de pago, aplicando Ataquilla o importe dos gastos de xestión correspondentes a cada entrada e que deberá aboar cada usuario.

CARACTERÍSTICAS:

As características do orzamento remitido por Ataquilla son as seguintes

- Creación de 2 eventos: asignación de xestor para a creación de eventos e atención a necesidades durante a venda, cupos por prezos, invitacións, preparación de materiais gráficos, tradución textos (ESP – GAL – PORT - INGL), etc. deseño e dixitalización de aforos: aforos sen numerar , recollida datos do comprador
- Venda anticipada: online ataquilla.com e widget de vendas.
- Dashboard de vendas: control entradas vendidas. Acceso a datos de compradores con fins de seguridade e organización, Checkbox de cesión opcional de datos do comprador con fins publicitarios e de comunicación.
- Medios control de accesos: acceso a app Android. Uso dos terminais do Auditorio.
- Formación de billeteira online
- Soporte técnico en remoto
- Atención ao cliente/usuario vía e-mail

ORZAMENTO ESTIMADO do contrato: O orzamento total presentado ascende a 121,00 € (100,00 € + 21,00 € do 21 % do IVE)

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: desde a data de aprobación da proposta de gasto ata a presentación da factura unha vez finalice o festival.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a proposta de gasto para a distribución de entradas para DOUS concertos de balde da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 á Fundación Galicia Obra Social (Ataquilla) con enderezo en Cantón Grande, 8. 15003 A Coruña e CIF, G-70270293 polo importe total de 121,00 € (100,00 € + 21,00 € do 21 % do IVE) e con cargo á partida 2024 3261 22706 do Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do Orzamento do festival clasclás para o ano 2024.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/1309

Dáse conta da chegada ao Departamento de Medio Ambiente, o día 05/04/2024, dunha comunicación de Augas de Galicia no que achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento rendemento insuficiente e establecen unha serie de recomendacións.

